



## CIRCULAR DE FIN DE CURSO

Estimadas familias:

Ante a fin deste curso 2023-24, convén ter en conta os seguintes aspectos:

### **Entrevistas co profesorado**

Se desexades ter unha entrevista de final de curso pódese solicitar para o día 27, xoves, en horario de 10:00 a 13:00 horas. Despois de dito día, só se recibirán as visitas que estean plenamente xustificadas e con previa petición de hora por teléfono.

### **Alumnado de 6º curso de Ed. Primaria que promocione á ESO**

De acordo ca normativa establecida para a Ed. Primaria, as familias do alumnado de 6º curso deberán acudir ao Centro **o día 1 de xullo, luns, en horario de 10 a 13 horas, para recibir o Historial Académico** (se van ao IES Pastoriza recibirán tamén o sobre de matrícula). Para iso deberán asinar o recibín correspondente. En caso de imposibilidade, pódese autorizar a recollida de dito documento a outra persoa adulta por escrito, indicando o DNI.

### **Fondo solidario de libros de texto, axudas de material escolar e vales**

Lembrede que o 21 de xuño remata o prazo para a presentación de solicitudes de axudas, fondo solidario de libros de texto e material escolar para Educación Primaria. As listaxes tanto de beneficiarios coma de libros de texto para o curso escolar 2024-2025 publicaranse no taboleiro do centro a finais de mes. Dado que o noso centro forma parte do proxecto E-Dixgal, o alumnado de 5º e 6º de primaria utilizará material dixital e polo tanto non terá libros de texto. **Para este alumnado só se tramitarán as axudas de material escolar.**

**A entrega dos vales**, no caso de ter dereito, **realizarase os días 3 e 4 de xullo**, en horario de 10:00 a 13:00 horas, na secretaría do centro. Para poder retiralos haberá que asinar un recibín persoalmente. No caso de imposibilidade **pódese autorizar a recollida por escrito a outra persoa adulta**, indicando o DNI de ámbalas dúas, autorizante e autorizada. **En caso de extravío non se expedirá outro vale.** As modificacións publicaranse na páxina web do centro e/ou no taboleiro de anuncios do colexio. **De xurdir algún problema alleo ao centro, ou se vos é imposible a retirada nesas datas, a entrega dos vales realizarase na primeira semana de setembro.**

### **Comedor Escolar e Actividades Extraescolares**

O servizo de comedor escolar e madrugadores segue xestionado pola **ANPA**, no teléfono 619280391. As actividades de tarde están organizadas polo Concello de Arteixo. Tedes máis información en [www.arteiro.org](http://www.arteiro.org) ou nos teléfonos 981659121 e 981659131.

### **Comezo do próximo curso**

As clases darán comezo **o día 11 de setembro**, en horario de 9 a 14 horas. O colexio estará aberto a efectos administrativos desde o día 1 de dito mes. No caso de querer cambiar a opción relixiosa/atención educativa, deberedes comunicalo neses primeiros días.

**O alumnado de 4º de educación infantil de novo ingreso incorporárase segundo o período de adaptación** que se expoñerá a primeira semana de setembro no taboleiro de anuncios do Centro.

*Aproveitamos para despedir afectuosamente ao alumnado de sexto de primaria, desexándolle moita sorte nesa nova etapa que van iniciar no instituto. Que pasedes un feliz verán!*